

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

8047 *Real decreto 667/2015, do 17 de xullo, polo que se modifica o Regulamento xeral de circulación, aprobado polo Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, no que se refire a cintos de seguridade e sistemas de retención infantil homologados.*

A Directiva de execución 2014/37/UE da Comisión, do 27 de febreiro de 2014, modificou a Directiva 91/671/CEE do Consello, relativa ao uso obrigatorio de cintos de seguridade e dispositivos de retención para nenos nos vehículos.

Esta reforma responde, por unha parte, á conveniencia de incluír na norma comunitaria unha referencia a que todos os dispositivos de retención para nenos que se utilicen a bordo dos vehículos deberán estar homologados, ben de acordo coas normas do Regulamento CEPE/ONU 44/03, único vixente até entón, ben coas normas do Regulamento CEPE/ONU 129, que entrou en vigor o 9 de xullo de 2013, introducido pola citada Directiva de execución 2014/37/UE da Comisión, do 27 de febreiro de 2014, en que se recollen as últimas melloras técnicas que deben cumprir eses dispositivos, disposición que xa vén aplicando ao se ter incorporado ao noso ordenamento a través da normativa de industria que regula esta materia.

En segundo lugar, coa modificación da mencionada directiva trátase de incluír unha precisión con respecto aos dispositivos de retención infantil para exixir que a súa utilización se realice conforme as instrucións que facilítase o fabricante a través dun manual, folleto ou publicación electrónica, onde se indicará de que forma e en que tipo de vehículos se poden utilizar de maneira segura. Esta previsión débese a que actualmente conviven no mercado dispositivos de retención infantil que se deben instalar no sentido da marcha e outros que se deben dispor en sentido contrario, motivo polo que non é posible establecer unha regulación única para todos eles, de maneira que, para garantir unha correcta e segura instalación de todos eles, é preciso establecer que esta se deberá realizar seguindo as instrucións do fabricante.

No noso ordenamento, as normas sobre o uso dos dispositivos de retención infantil recóllense no artigo 117 (Cintos de seguridade ou outros sistemas de retención homologados) do Regulamento xeral de circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, aprobado polo Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro. En consecuencia, cómpre modificar o artigo 117 do Regulamento xeral de circulación, co obxecto de incorporar ao noso ordenamento interno as previsións da citada norma comunitaria.

Ademais, aproveitouse para incorporar neste artigo outros cambios orientados a aumentar a seguridade e a protección dos menores en función da súa estatura e do asento que ocupen no vehículo, coa finalidade de reducir a gravidade das lesións que poidan sufrir en caso de accidente. En concreto, refórzase a protección dos menores de dezaoto anos de estatura igual ou inferior a 135 centímetros cando viaxen nun vehículo de até nove prazas incluído o condutor, ao establecer a obrigaçión de que ocupen os asentos traseiros, admitindo como únicas excepcións que o vehículo non dispoña de asentos traseiros, estes xa se encontren ocupados por menores de idade nas súas mesmas condicións ou non sexa posible a instalación nos asentos traseiros de todos os sistemas de retención. Unicamente nas ditas circunstancias excepcionais estes menores poderán ocupar o asento dianteiro do vehículo e deberán utilizar, en todo caso, un sistema de retención homologado adaptado ao seu talle e peso.

O obxectivo destes cambios é impor como prioridade que o menor que non alcance esa estatura ocupe sempre o asento traseiro do vehículo, no cal a posibilidade de sufrir lesións en caso de accidente é considerablemente menor que ao ocupar os asentos

dianteiros, evitando que os menores poidan ocupar o asento dianteiro aínda cando os asentos traseiros non estean ocupados.

Non obstante, cabe sinalar que os cambios incluídos no artigo 117 do Regulamento xeral de circulación non afectan o artigo 119 do propio texto regulamentario, que relaciona as exencións ás obrigacións previstas naquel en canto ao uso de cintos ou outros sistemas de retención homologados, entre as que se recollen as referidas aos taxis cando circulen en tráfico urbano ou áreas urbanas de grandes cidades, aos cales se lles permite transportar persoas cuxa estatura non alcance os 135 centímetros sen utilizar un dispositivo de retención homologado adaptado ao seu talle e ao seu peso, sempre que ocupen un asento traseiro.

Támén se simplificou a redacción do precepto co fin de dar unha maior claridade que evite as dúbidas que a súa interpretación suscitou nos últimos anos.

Por último, modifícase o ordinal 4.º da epígrafe A), sobre matriculación ordinaria, do anexo XIII «Matriculación», do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, co obxecto de establecer a obrigatoriedade da emisión en soporte electrónico das tarxetas de inspección técnica tipo B nos casos de vehículos das categorías M ou N e tipo BL.

Desta maneira elimínase para eses casos a opción actual de expedir esas tarxetas en soporte papel ou en soporte electrónico, o que supón unha redución de cargas administrativas para os fabricantes e importadores destas clases de vehículos, en consonancia co conxunto de medidas que a Administración xeral do Estado vén adoptando con este obxectivo.

Ademais, adáptase a súa redacción á normativa alfandegueira vixente, no que se refire ao documento acreditativo da importación dos vehículos, para substituír as referencias ao certificado para matrícula de vehículos de motor e ao certificado de cargo polo documento único administrativo (DUA).

O Consello Superior de Tráfico, Seguridade Viaria e Mobilidade Sustentable emitiu informe sobre esta norma, de conformidade co disposto no artigo 8.2.d) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

Este real decreto dítase ao abeiro da habilitación prevista na disposición derradeira primeira do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior, de Defensa, de Fomento e de Industria, Enerxía e Turismo, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de xullo de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento xeral de circulación, aprobado polo Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, no que se refire a cintos de seguridade e sistemas de retención infantil homologados.*

O artigo 117 do Regulamento xeral de circulación, aprobado polo Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, queda redactado como segue:

«Artigo 117. *Cintos de seguridade e sistemas de retención infantil homologados.*

1. O condutor e os ocupantes dos vehículos estarán obrigados a utilizar, debidamente abrochados, os cintos de seguridade homologados, tanto na circulación por vías urbanas como interurbanas. Esta obrigación, no que se refire aos cintos de seguridade, non será exixible naqueles vehículos que non os teñan instalados.

En todo caso, os menores de idade de estatura igual ou inferior a 135 centímetros deberán utilizar sistemas de retención infantil e situarse no vehículo de acordo co disposto nos números seguintes.

2. Nos vehículos de máis de nove prazas, incluído o condutor, os pasaxeiros serán informados da obrigaón de levar abrochados os cintos de seguridade ou outros sistemas de retención infantil homologados polo condutor, polo guía ou pola persoa encargada do grupo, a través de medios audiovisuais ou mediante letreiros ou pictogramas, de acordo co modelo que figura no anexo IV, colocado en lugares visibles de cada asento.

Nestes vehículos, os ocupantes a que se refire o parágrafo segundo do número 1 de tres ou máis anos deberán utilizar sistemas de retención infantil homologados debidamente adaptados ao seu talle e peso. Cando non se dispoña destes sistemas utilizarán os cintos de seguridade, sempre que sexan adecuados ao seu talle e peso.

3. Nos vehículos de até nove prazas, incluído o condutor, os ocupantes a que se refire o parágrafo segundo do número 1 deberán utilizar sistemas de retención infantil homologados debidamente adaptados ao seu talle e peso.

Os ditos ocupantes deberanse situar nos asentos traseiros. Excepcionalmente, poderán ocupar o asento dianteiro, sempre que utilicen sistemas de retención infantil homologados debidamente adaptados ao seu talle e peso, nos seguintes casos:

- 1.º Cando o vehículo non dispoña de asentos traseiros.
- 2.º Cando todos os asentos traseiros estean xa ocupados polos menores a que se refire o parágrafo segundo do número 1.
- 3.º Cando non sexa posible instalar nos ditos asentos todos os sistemas de retención infantil.

En caso de que ocupen os asentos dianteiros e o vehículo dispoña de *airbag* frontal, unicamente poderán utilizar sistemas de retención orientados cara atrás se o *airbag* foi desactivado.

4. Os sistemas de retención infantil instalaranse no vehículo sempre de acordo coas instrucións que facilítase o seu fabricante a través dun manual, folleto ou publicación electrónica. As instrucións indicarán de que maneira e en que tipo de vehículos se poden utilizar de forma segura.

5. A falta de instalación e a non utilización dos cintos de seguridade e outros sistemas de retención infantil homologados terá a consideración de infracción grave ou moi grave, conforme o establecido no artigo 65, números 4.h) e 5.11), respectivamente, do texto articulado.»

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.*

O ordinal 4.º da epígrafe A), «Matriculación ordinaria», do anexo XIII, «Matriculación», do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, queda redactado do seguinte modo:

«4.º Tarxeta de inspección técnica que se poderá emitir en soporte papel ou en soporte electrónico. Malia o anterior, as tarxetas de inspección técnica tipo B para vehículos de categoría M ou N e tipo BL deberán estar emitidas de forma obrigaoria en soporte electrónico.

Se o vehículo é de importación, presentarse o documento único administrativo (DUA) ou documento alternativo, en caso de proceder dun Estado parte do Acordo EEE distinto de España, salvo que na tarxeta de inspección técnica conste a dilixencia de importación.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva atribuída ao Estado sobre tráfico e circulación de vehículos de motor polo artigo 149.1.21.^a da Constitución española.

Disposición derradeira terceira. *Incorporación de dereito comunitario.*

Mediante esta norma incorpórase ao dereito español a Directiva de execución 2014/37/UE da Comisión, do 27 de febreiro de 2014, pola que se modifica a Directiva 91/671/CEE do Consello, relativa ao uso obrigatorio de cintos de seguridade e dispositivos de retención para nenos nos vehículos.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

1. Este real decreto entrará en vigor o 1 de outubro de 2015.
2. Non obstante, o disposto na disposición derradeira primeira, en concreto no último inciso do parágrafo primeiro do ordinal 4.^o, sobre obrigatoriedade de emisión de tarxetas de inspección técnica en soporte electrónico, entrará en vigor nas seguintes datas:
 - a) 11 de novembro de 2015, para as tarxetas de inspección técnica tipo B dos vehículos de categoría M ou N.
 - b) 11 de maio de 2016, para as tarxetas de inspección técnica tipo BL.

Dado en Madrid o 17 de xullo de 2015.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN